



EXCMO. CONCELLO DE TUI

EXAME: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS A TEMPO PARCIAL PARA A BIBLIOTECA

PRIMEIRO EXAME.

NOME

APELIDOS:

D.N.I..

INSTRUCCIÓN:

- | |
|--|
| 1. Dispón de 40' para a realización da proba. |
| 2. Ó único material permitido é o programa que figura nas bases. |
| 3. Debe elixir, unicamente, unha resposta por pregunta |
| 4. Cada pregunta acertada puntúa 0,5; cada pregunta errónea desconta 0,1. As preguntas non contestadas non descontan na puntuación. |
| 5. A puntuación total do exercicio é de 8 puntos e o aprobado situarase en 4 puntos. |

- Segundo o artigo 36.1 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os actos se produciran:
 - Por escrito.
 - Por medios electrónicos.
 - Por escrito a través de medios electrónicos.
 - Por escrito a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma mais adecuada de expresión e constancia .
- As areas metropolitanas integran municipios de:
 - Grandes aglomeracións urbanas.
 - Diferentes provincias.
 - Da mesma provincia, pero non limítrofes.
 - Distintas comunidades autónomas, pero que teñen un nexo común na prestación de servizos.
- Segundo o artigo 35 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, non é un órgano necesario do Concello:
 - O Alcalde.
 - Os Concelleiros.
 - A Xunta de Goberno en municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.
 - Ningunha das anteriores é correcta.
- Os procedementos administrativos tramitados de maneira simplificada deberán ser resoltos
 - No prazo de 15 días.
 - No prazo de 30 días.
 - No prazo de 60 días.
 - Ningunha das anteriores é correcta.

5. ¿Cal das seguintes formas non é un modo de terminación do procedemento administrativo común?:
- Allanamento.
 - Resolución.
 - Caducidade
 - Renuncia
6. A Xunta de Goberno Local existe,
- En todos os municipios
 - Nos municipios de mais de 5.000 habitantes.
 - Nos municipios de mais de 10.000 habitantes.
 - Nos municipios de mais de 5.00 habitantes ou nos de menos cando o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno
7. A Lei de bibliotecas de Galicia non é de aplicación a:
- As bibliotecas de titularidade pública que estén situadas en Galicia.
 - As bibliotecas de titularidade privada que estén situadas en Galicia.
 - As coleccións bibliográficas de titularidade pública que estén situadas en Galicia.
 - As coleccións bibliográficas de titularidade privada que estén situadas en Galicia e presten un servizo público cultural.
8. Son principios e valores das bibliotecas.
- A igualdade no acceso e diversidade nos contidos culturais.
 - Adaptación ao ámbito dixital e multimedia.
 - A liberdade intelectual.
 - Todas as anteriores son principios e valores.
9. O Consello de cooperación Bibliotecaria de Galicia reunirase coma mínimo:
- Unha vez cada tres meses
 - Unha vez o mes
 - Unha vez ao ano
 - Unha vez cada dous anos
10. As bibliotecas locais son aquelas bibliotecas de titularidade municipal que cumpren as condicións necesarias para prestar o servizo de lectura pública nun area con unha poboación de entre:
- 2.000 e 20.000 habitantes.
 - 1.000 e 2.000 habitantes
 - 5.000 e 20.000 habitantes
 - 20.000 e 50.000 habitantes
11. Non é un dereito das persoas usuarias das bibliotecas públicas:
- Usar de maneira gratuita os servizos básicos da biblioteca.
 - Facer uso dos servizos bibliotecarios para unha finalidade distinta da que compete o tipo de biblioteca.
 - Disfrutar de actividades de animación a lectura.
 - Suxerir a adquisición de material cultural
12. Trátase dunha infracción leve segundo o artigo 34 da Lei de Bibliotecas de Galicia:
- O deterioro culposo do mobiliario da biblioteca.
 - O deterioro doloso do mobiliario da biblioteca.
 - O incumprimento das ordes de depósito forzoso.
 - A realización de reproducións de fondos bibliográficos de titularidade autonómica sen autorización.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

13. Segundo o artigo 38 da Lei de Bibliotecas de Galicia no caso de que o dano causado poida ser valorado economicamente, a infracción será sancionada con multa de:
- Do tanto ao quíntuplo do valor do dano causado
 - Do tanto ao dobre do valor do dano causado.
 - Do tanto o triplo do valor do dano causado.
 - Do tanto o cuádruplo do valor do dano causado**
14. As infraccións administrativas moi graves segundo o artigo 41 da Lei de Bibliotecas de Galicia, prescribirán:
- Aos 10 anos**
 - Aos 5 anos
 - Aos 2 anos
 - Aos 3 anos
15. A persoa titular do centro directivo competente na materia de bibliotecas será competente para a imposición de sancións de:
- Ata 1.000 euros
 - Ata 500 euros
 - Ata 6.000 euros**
 - Ata 10.000 euros
16. En que artigo da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións publicas se recolle que cada administración disporá dun rexistro electrónico xeral:
- Artigo 16**
 - Artigo 23
 - Artigo 84
 - Artigo 93

PREGUNTAS DE RESERVA:

17. As sancións por infraccións graves segundo o artigo 41 da Lei de Bibliotecas de Galicia, prescribirán:
- Aos 3 anos
 - Aos 5 anos
 - Aos 2 anos**
 - Aos 3 anos
18. Deberán prestar o servizo de biblioteca de forma descentralizada os municipios de :
- Mais de 20.000 habitantes.**
 - Mais de 10.000 habitantes.
 - Mais de 5.000 habitantes.
 - Mais de 50.000 habitantes.